



CHUPETA DE LARANXA




Colle unha laranxa e pélaa.




Mais non de calquera maneira. Primeiro, sácalle os dous casquetes con xeito. Á pela que queda tíralle unha trella, como esa que pon cara de abraio polo ben que o fixeches.



A trella abraiada sácalle un cachiño, e así terás un nariz e un sorriso.



Bon, o cachiño do nariz non nos vai servir, así que desbótao. A un casquete sácalle un cacho grande, que pareza un ollo arregalado. Ao outro, apenas un rectángulo pequeno.



A trella ensártaa no aro do ollo, e introdúcea polo furado do outro casquete.



E xa tes a chupeta feita. A que esperas? Veña, dálle unhas chupadas, que dá moito acougo.